- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Sobre Rodas	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Practicar algunha actividade física no seu tempo de lecer	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Saber facer un quencemento de xeito autónomo e regular a intensidade na práctica para aguar a duración da mesma		
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Saber distinguir a competencia regrada dun deporte, da súa práctica na aula ou no tempo de lecer.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Cambiarse a camiseta e lavar a cara e as máns tras a práctica		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Coidar o material e as instalacións que usamos: deixando todo tal e como o atopamos		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Disfrutar do xogo sen importar o resultado.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Lograr manter o equilibrio coas correccións posturais precisas.		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar a resposta as necesidades da actividade		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Esforzase en superar as dificultades da práctica		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Aceptar o resultado tanto cando perdemos como cando gañamos.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Aceptar o resultado tanto cando perdemos como cando gañamos.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Mostrar interese nas prácticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Coñecer o significado das señais máis comúns		
CA6.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Usar todas as proteccións		
CA6.4 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Deixar os espazos como os atopamos ou mellor		
CA6.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Valorar os patíns como medio de transporte		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Deporte profesional: dimensión social.</li> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, dos espazos e das instalacións na práctica da actividade física.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais.</li> <li>- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> </ul>

## Contidos

- Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal:
- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou en superficies inestables.
- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Concepto de fairplay ou òxogo limpo.
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Previsión de riscos de accidente durante a práctica no medio natural e urbano: valoración previa e actuación.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- Buscaremos seguindo o exposto na LOMLOE en relación á metodoloxía fomentar no noso alumnado habilidades para a busca e selección da información.
- As actividades que formulemos terán en conta os intereses e necesidades dos alumnos/ás, para lograr unha aprendizaxe significativa (Ausubel) que é máis resistente ao esquecemento.
- Utilizaremos un enfoque globalizador xa que con este o alumnado establecerá relacións significativas entre o que xa sabe e as aprendizaxes novas e fomentárase a transferencia dos contidos en todo momento.
- Traballaremos interdisciplinarmente relacionando a área de Educación Física coas demais áreas por medio das distintas aprendizaxes.
- Buscarase modificar os esquemas de coñecemento que posúen os alumnos/ás. Segundo Vigotski, debemos partir da realidade e os coñecementos do alumno/a (zona de desenvolvemento próximo) e levala un pouco máis alá, modificándoa mediante a aprendizaxe de novos coñecementos (zona de desenvolvemento potencial).
- En relación á organización aplicada traballaremos de moitas maneiras: por parellas, por tríos, en grupos reducidos, en grandes grupos,... para a organización en grupos seguiremos o exposto na Orde 22 Xullo 1997 (pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación primaria) agrupando aos alumnos/ás, por "regra xeral" e a non ser que a tarefa o requira (Exemplo. Actividades de forza: Agrupacións por peso e estatura), de xeito heteroxéneo evitando así calquera tipo de discriminación.
- Tempos, actividades, material están adaptados ás características dos nenos: os tempos dalgunhas actividades estará reducidos a estas idades, pero no 3º ciclo os xogos terán maior duración que nos anteriores, evitaremos tempos mortos, variedade de actividades para atender ás necesidades de todos os alumnos/ás e cun material non perigoso e á vez atraente para o alumnado como comentei con anterioridade.
- Crearase sempre un clima de atención dándose explicacións o máis claras, breves e concretas posibles cun vocabulario axeitado ao nivel dos nosos alumnos/ás.
- Os/ás alumnos/ás terán que asearse ao finalizar as sesións de Educación Física

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material básico de Educación Física
Material de Xogos Populares
Colchonetas , quitamiedos, esterillas...
Reproductores de música e músicas variadas
Raquetas de badminton e volantes, sticks de floorball e pelotas de iniciación
Patíns, proteccións (casco, coderas, muñequeras, rodillas)
Material variado preciso para levar a cabo o programado.

Cordas, picas, aros, bloques, diferentes pelotas....

Petanca, chave, rá, billarda...

Materiais creados polo alumnado e de refugallo: periódicos vellos, bolas de malabares...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.

A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.

As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.

Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.

A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevantes para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos

de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitud.
- Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades servirán para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

1. .º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
2. .º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
3. .º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
4. .º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

1. .ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
2. .ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	6	11	7	0	0	<b>5</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	94	89	93	100	100	<b>95</b>

### **Criterios de cualificación:**

Á hora de establecer uns criterios de cualificación, temos que considerar a avaliación durante esta etapa. En Educación Física e seguindo a Domingo Blázquez (1999) pódese falar de dous grandes tipos de avaliación: obxectiva e subxectiva. A avaliación obxectiva é aquela que se asocia coa utilización de probas mensurables ou cuantificables previamente elaboradas. A avaliación subxectiva depende prioritariamente do xuízo docente, baseándose na súa experiencia persoal.

As diferenzas principais radican en que a avaliación obxectiva se basea en probas ou test, realízase con control de tempo ou lugar, o alumno/a é consciente de ser examinado e son tarefas uniformes para todas ás persoas. Os instrumentos e procedementos cuantitativos empregados considéranse apropiados cando preténdase coñecer ou progreso do alumnado nun determinado aspecto ou obter información do proceso evolutivo respecto ao grupo de idade.

En cambio, a avaliación subxectiva baséase na observación, non hai control de tempo, ou alumnado non ten conciencia de estar a examinarse e trátase ou comportamento e as reaccións naturais e habituais. De forma xeral baséase na observación da conduta.

Creemos axeitadas ás técnicas de observación como un valioso recurso para estas idades xa que posúen ás seguintes vantaxes fronte a outros sistemas:

- Poden aplicarse durante todo o proceso (avaliación continua).
  - Facilitan unha información constante sobre as dificultades do alumnado para reconfigurar aspectos da programación.
  - Non a requiren situacións específicas de exame, que alteran o proceso de ensino-aprendizaxe e provocan ansiedade nos nenos e nenas.

Do mesmo modo este tipo de técnicas deben posuír un rigor determinado cumprindo uns requisitos mínimos referidos á súa planificación previa sobre os aspectos a avaliar, realización sistematizada e con contrastes, sistemas útiles e adecuados para poder analizar a información en calquera momento e limitación en canto alumnos/ás ou aspectos a observar.

De forma global os criterios de cualificación estarán relacionados con:

1. Creatividade no desenvolvemento da actividade física: comprobación de grao de axuste e creatividade dos movementos corporais tanto a compañeiros coma a condicións externas temporais (duración) e espaciais (cambio de dimensión).
2. Coordinación dinámica do propio corpo: terase en conta ao grao de coordinación dinámica e a súa adecuación a diferentes tipos de actividade física, analizando a interacción de movementos parciais que integran actividades como correr, saltar, xirar, lanzar...
3. Adecuación respecto a factores externos: adecuación do propio movemento ao ritmo esixido pola actividade que se está a realizar (carreiras, balanceo, salto...) ou ben a un ritmo imposto exteriormente (palmadas, pandeiro...).
4. Competencias físicas básicas: valoración do desenvolvemento logrado nas competencias físicas básicas, considerando en qué medida evolucionaron as máis elementais dende un punto de vista cualitativo (precisión, adecuación ao obxectivo...), tendo en conta ou nivel de partida de cada alumno nas distintas competencias.
5. Expresión corporal: comprobación de flexibilidade e adecuación coa que se utilizan os recursos expresivos corporais para comunicarse (sentimentos, dramatizacións...)
6. Concienciación achega dous efectos dá actividade física: ter en conta o grao de axuste da actividade ás posibilidades e limitacións propias, adquisición dun coñecemento progresivo da propia capacidade e saber regular tendo en conta a saúde e a seguridade.
7. Desenvolvemento de actitudes sociais: valoración do desenvolvemento de actitudes que potencien a actividade física grupal como a cooperación, tolerancia e respecto (aceptación de regras, participación positiva e respecto cara a docente, compañeiros e material).

8. Hábitos hixiénicos: manter uns hábitos hixiénicos adecuados a idade e as posibilidades de cada Centro, antes (traer a roupa,...), durante ( ), e despois (lavar as máns,...).

De forma xeral a calificación da nosa área, obtémola da ponderación dos estándares de cada curso, así na unidade didáctica na que o traballamos, valoraremos o desenvolvemento do mesmo, co instrumento de avaliación que previamente foi elixido e refrectido no perfil da nosa área, e logo ese valor será traspasado para que corresponda a porcentaxe da ponderación que ten asignada, e deste modo iremos sacando as cualificacións de cada unidade. Ademais, como temos os estándares repartidos ó longo do curso e en diferentes unidades, cada unha delas terá como valor máximo a suma das ponderacións dos estándares que traballamos na mesma. E seguindo esta lóxica, a avaliación ordinaria será a suma da nota obtida nas diferentes unidades, xa que a suma da ponderación de todos os estándares do curso é 100. E seguindo a lexislación vixente a nota será redondeada a un número enteiro, é dicir, se queda por debaixo do 0.5 será o número anterior, e se queda por encima do 0.5 será o número seguinte.

### **Cráterios de recuperación:**

Non procede.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A Filosofía do Centro con respecto ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo e á Diversidade (tendo en conta o marco curricular estatal L.O. 2/2006 do 3 de maio da educación, que acuña este termo), está recollida na P.X.A. Debemos partir da premisa de que ningunha clase é homoxénea en canto a características persoais, motivacións, nivel de capacidades, ritmo de aprendizaxe... Polo tanto deberemos axustar a nosa acción pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta a estas que presentan os alumnos/ás destas idades. O que non faremos en ningún caso é diagnosticar nin tratar ningunha necesidade xa que, en primeiro lugar teremos que falar co Departamento de Orientación, a administración e a familia, por se fose necesario realizar unha Adaptación Curricular Individualizada ou realizar algún Reforzo Educativo. En caso de ser necesario, manteríamos unha relación directa co Departamento de Orientación e a familia para individualizar o ensino o mellor posible. Pretendemos ofrecer ó alumnado unha educación o máis axeitada posible ás sus características, e iso só se consegue se toda a comunidade educativa traballa nunha mesma liña de acción.

No conxunto da aula de educación física, xeralmente pódense atopar diversas maneiras de pensar, vivir e comportarse. A falta de uniformidade entre os/as seus discentes obriga ao profesorado a idear estratexias educativas con vistas a chegar a TODO o alumnado.

Na Educación Física esta atención á diversidade é fundamental, xa que os recursos nos que se basa a ensinanza (esquema corporal, lateralidad,¿) conlevan un importante desenrolo actitudinal, aptitudinal e procedimental, sen negar a importancia do ambiente socio cultural e familiar, que incide na apreciación e, sobre todo, na valoración da materia, co conseguinte interese e motivación do alumnado. ¿De onde debe partir a atención? Pode partir das actividades cotiás, con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumnado e establecer, a través da correspondente avaliación inicial ou diagnóstica, as súas aptitudes e carencias. Por outra parte, na aula de educación física é habitual que se realicen agrupamentos do alumnado para a realización de diversas tarefas e xogos, o que pode propiciar un primeiro paso para a inclusión destes alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, no seo dun grupo máis compensado, ou ben de maneira específica, con outros de nivel similar. A diversidade na educación primaria, depende de factores de diversa índole:

1. De coñecementos: Algúns dos/as alumnos/as, forman parte das escolas municipais (natación, fútbol, baloncesto,¿), polo que esta diferenza afecta ó coñecemento que teñen do seu corpo e das súas posibilidades. Pode ser convinte que, nalgúnhas unidades concretas (acúaticas por exemplo) empreguemos a estes nenos/as como modelos; nese caso incorporaranse actividades de ampliación para eles, que non interfiran na execución do resto do grupo como por exemplo, iniciación ó buceo, ou ás técnicas de natación, ou tamén podemos aumentar o compoñente cognitivo das tarefas, dificultando así a súa execución, pero mantendo a motivación deste alumnado.

2. De aptitude: o que afecta á facilidade ante a educación física. Neste curso, ó igual que en todos, non hai un alumno/a tipo polo que seguindo o principio da avaliación das aprendizaxes, terase en conta o grado de aptitude do alumnado (detectado mediante a avaliación inicial), valorando o esforzo dos que menos facilidade mostren, sin que por iso se penalice ó resto que mostren máis facilidade.

3. De actitude: esto é, de interese xa que na educación física pódense atopar alumnos/as que presentan diferentes grados de interese. Por exemplo, pode darse o caso que algúns nenos manifesten interese e motivación polas



práctica físicas e, sen embargo, por sentirse ridículos, non queiran cantar nin bailar, mentres que con algunhas nenas pasará o contrario, que posúan unha especial actitude ante a danza e o canto, e rexeiten as prácticas físicas, por cuestións de presión social e asimilación dos cambios corporais que se están producindo. Deste xeito poderán dirixirse entre sí e monitorizarse en actividades grupais.

4. Socio-culturais: A Escola e, polo tanto, a Educación Física e á súa vez as prácticas físicas son un reflexo da sociedade que os entraña, polo que o alumnado atoparase supeditado, en maior ou menor medida, ao seu ámbito socio-cultural, dando lugar a distintas situacións dentro do aula. Inflúe o interese polo patrimonio e pola tradición deportiva, a transmisión familiar de valores relacionados coa Educación Física, etc.

Medidas que levaremos a cabo desde a nosa área:

-- Adaptaranse os recursos materiais, as estratexias metodolóxicas, as agrupacións dentro da clase, a distribución do tempo e do espazo físico das instalacións, máxime habida conta da natureza eminentemente práctica da área de Educación Física e das interaccións que se dan nela.

-- Actividades de Reforzo Educativo (en caso de non acadar os obxectivos mínimos previstos) (Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula a atención ao alumnado con N.E.E.).

-- Formularanse actividades substitutivas ou alternativas das propostas e crearanse dinámicas de traballo en grupos compensatorios, nas que alumnos/ás con grandes habilidades (de clubs deportivos, ballet,...) axuden e apoiem a aqueles/as que non as teñen ou cústalles exteriorizalas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión Lectora	X				
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X			
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X		
ET.4 - Competencia Dixital	X				
ET.5 - Fomento da Creatividade, do espírito científico e do emprendemento			X		X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a Paz	X		X		
ET.8 - Educación para o Consumo Responsable e o desenvolvemento sustentable				X	X
ET.9 - Educación para a Saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación Emocional e en valores	X		X		



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día do Peón	Desde a nosa área practicaremos cos peóns para lograr que o alumnado poida bailalo	X		
Xornadas deportivas	Buscaremos diferentes disciplinas deportivas para que veñan a centro a ensinar o seu deporte: atletismo, taekwondo, judo, patinaxe, voleibol, balonmano,...	X	X	X
Saídas ao contorno	Aproveitando a situación do centro, faremos dentro das posibilidades, saídas ao medio natural próximo, praia, zonas boscosas... para traballar diferentes contidos curriculares			X
Por 5 minutos	Pretendemos que nas xornadas onde o alumnado do 3º ciclo teña 3 sesións nas que non se levanten, facer 5 minutos de actividade para despexar as cabezas e mellorar o rendemento	X	X	X
Xornadas de 1º Auxilios	Coa colaboración de Protección Civil de Miño e conxuntamente ca equipa de Extraescolares, organizaremos unhas sesión de 1º Auxilios na aula para 5º e 6º de Primaria	X		
Día das Letras Galegas	Co motivo deste día plantexaremos unha muiñeira colectiva, con puntos traballados na aula, de diferentes xeitos			X

### Observacións:

Desde o departamento de Educación Física axudaremos e participaremos en todas aquelas actividades dirixidas ao noso alumnado na que poidamos axudar,

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Elabóranse actividades atendendo á diversidade
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.

### **Descrición:**

Intentaremos avaliar a nosa labor con estes items de tal xeito que vaiamos recibindo feedback do noso traballo. Unhas veces será de xeito escrito, outras a través das actitudes e respostas do alumnado durante as sesións... buscaremos que sexa principalmente si as respostas aos items plantexados.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A Programación é, ante todo, un instrumento de planificación da actividade de aula, polo que é necesario que teña uns criterios xerais, dos que se poden destacar os seguintes:

- **Adecuación:** a programación debe adecuarse a un determinado contexto, como é o ámbito social e cultural de cada centro, ás características do alumnado, á experiencia previa do profesor... para atender as necesidades especiais dos distintos alumnos e alumnas. Todo iso implica ter en conta os aspectos máis relevantes do devandito contexto que poidan incidir de forma significativa nos elementos que a compoñen.
- **Concreción:** a programación debe concretar o plan de actuación que se ha de levar a cabo na aula para que resulte un instrumento realmente útil.

- Flexibilidade: o plan de actuación debe entenderse como aberto, como unha hipótese de traballo que pode e debe ser revisado, en momentos que requiran a introdución de cambios durante o proceso de ensino aprendizaxe.
- Viabilidade: é necesario que a programación sexa viable para que poida cumprir axeitadamente coas súas funcións, que se axuste ao tempo dispoñible, que a conte cos espazos e recursos previstos para levar a cabo as actuacións programadas e que a realización das distintas actuacións estea ao alcance de todos os alumnos aos que vaian dirixidas. A experiencia docente e a revisión permanente da propia práctica son referentes fundamentais para asegurar unha programación realista.

## 9. Outros apartados